

A Fundación SGAE, cumprindo co seu obxectivo de impulsar a promoción de xéneros audiovisuais de especial interese como o do documental, convoca o programa “SGAE Documental 2020” co fin de acoller obras para a súa exhibición en sala.



BASES

1. Esta convocatoria está aberta á participación de todos os directores de documentais que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Que sexan socios da SGAE.
- Que, non sendo socios da SGAE, estean en trámites de selo porque solicitasen o seu ingreso. Para estes efectos deberán presentar un documento que acredite a súa solicitude de ingreso.
- Que, non sendo socios da SGAE, soliciten o seu ingreso na SGAE cando se lles comunicou que foron seleccionados para este programa e que o seu documental vai ser proxectado nalgũa sala da Fundación SGAE. A Fundación SGAE axudará o autor cos trámites. No caso de incumprimento por parte do director seleccionado descualificaráselle do programa.

Non se poderán presentar aqueles autores que sexan membros da Xunta Directiva da SGAE, membros do Padroado da Fundación SGAE ou membros dalgún dos Consellos Territoriais da SGAE. A presentación de materiais debe facerse en nome do director da obra, aínda que poidan engadirse os datos de contacto da distribuidora.

2. Poden presentarse documentais de temática libre á marxe do seu formato de filmación, con duracións non inferiores aos 45 minutos e producidos a partir de xaneiro de 2019, sen limitación do número de obras por participante.

Os documentais deberán ser orixinais. Non se admitirán adaptacións ou versións de documentais preexistentes, nin sequera do mesmo director.

3. Os participantes **deben posuír todos os dereitos necesarios sobre as obras presentadas, incluídos os de exhibición do documental**, eximindo expresamente a Fundación SGAE de calquera reclamación sobre estes.

4. As obras que non estean filmadas en idioma castelán, deberán presentarse con subtítulos en dito idioma. Para a súa proxección admitiranse en soporte de 35 mm ou copia máster sobre DCP ou Blu-Ray, podendo a organización determinar o formato de proxección en sala en función da mellor operatividade a partir do soporte do que o autor dispoña.

5. Para a recepción das obras, é imprescindible presentar telemáticamente a ficha de participación anexa a estas bases ou un arquivo cun documento coa información que se solicita nesta, xunto coa ficha técnico - artística do documental. Este envío debe realizarse cun correo electrónico que inclúa a información requirida e unha ligazón (link) para o visionado da obra.

6. A recepción das obras realizarase telemáticamente no correo electrónico audiovisuales@fundacionsgae.org, indicando no asunto do mesmo “SGAE Documental 2020”.

7. Esta convocatoria abre o seu prazo de presentación o **3 de decembro de 2020, e pecharase o día 31 de decembro de 2020**.

Logo de pechado o prazo de presentación, a Fundación SGAE designará un comité de selección/xurado integrado por profesionais de recoñecido prestixio do medio cinematográfico que procederá á valoración das solicitudes presentadas e á elección dos documentais e notificaralles a dita selección aos directores elixidos.

8. Para a selección dos documentais, a organización de “SGAE Documental” resérvase o dereito para excluír daquelas obras que non presenten unha calidade mínima de proxección atendendo ao criterio de deseño de cada sesión de exhibición, que é determinado exclusivamente pola Fundación SGAE. Igualmente, será valor preferente na selección que se trate de documentais que aínda non fosen estreados en sala.

9. Os documentais seleccionados proxectaranse na Sala Berlanga de Madrid durante o primeiro semestre de 2021, coa posibilidade de reprogramarse, durante os seis meses seguintes á súa proxección, noutras salas da xeografía española dependentes da SGAE/ Fundación SGAE, práctica que os directores aceptan ao presentarse a este programa. A Fundación SGAE poñerá ao dispor do director a sala de proxección cos medios técnicos e humanos necesarios para a correcta proxección, e un número de entradas gratuítas para a sesión para cada director seleccionado.

10. O titular dos dereitos de cada obra seleccionada recibirá unha compensación económica de douscentos euros (200€) netos pola proxección en concepto de dereitos de exhibición. A citada cantidade abonarase previa firma do contrato de autorización e da presentación da factura correspondente que reúna os requisitos esixidos pola normativa vixente xunto coa documentación fiscal pertinente.

11. Os participantes autorizan a SGAE e a Fundación SGAE para utilizar, con fins de promoción, un fragmento da súa obra audiovisual, así como fotografías e/ou fotogramas do documental, en calquera medio de comunicación, incluídos medios en liña. Este uso será extensivo á promoción de futuras edicións desta iniciativa.

12. Os participantes eximen a Fundación SGAE e as entidades colaboradoras de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incorrer algún dos participantes.

13. Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os participantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación do solicitante nesta convocatoria. O titular do Dereito Fundamental á Protección de Datos Persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos, pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, á atención de Servizos xurídicos, rúa Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañado de fotocopia do DNI/ NIE ou Pasaporte. Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

Os participantes autorizan a Fundación SGAE para difundir información profesional sobre os seleccionados e/ou fotografías dos mesmos, aos únicos efectos de publicitar e darlles a coñecer ao público no seu ámbito profesional .

14. Normas Xerais.

A. Os participantes, polo feito de concorreren a esta convocatoria, **aceptan integramente estas bases**, así como as decisións da Fundación SGAE.

B. No caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid Capital, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.

FICHA DE INSCRICIÓN

Co asinamento da presente ficha de participación, o solicitante autoriza a **Fundación SGAE** para o uso dos seus datos persoais para:

- Recibir chamadas, notificacións e avisos, por calquera medio físico ou dixital, para a xestión da súa participación no proxecto “**SGAE Documental**”.
- Difundir, por calquera medio, datos biográficos do director, así como fotografías e imaxes deste en relación coa exhibición do seu documental dentro do proxecto “**SGAE Documental**”.
- Poder recibir información dos beneficios culturais, promocionais e asistenciais ofrecidos pola **SGAE** e a **Fundación SGAE**, o que inclúe a recepción de boletíns informativos e de comunicacións.

A **Fundación SGAE** é unha entidade sen ánimo de lucro constituída conforme ao dereito español baixo a forma xurídica dunha fundación e que está debidamente inscrita no Rexistro de Fundacións co número 314. Ten o seu domicilio social na rúa Bárbara de Braganza, n.º 7, e está dotada do CIF G-81624736.

Entre os seus fins está a promoción de obras audiovisuais e dos autores destas (directores, realizadores, guionistas, argumentistas e músicos), a promoción cultural das obras para a súa revalorización e difusión e a defensa dos dereitos morais dos socios da **SGAE**. Para iso realiza, entre outras actividades, a convocatoria de axudas, premios, concursos, festivais e actividades de formación e difusión dos dereitos de autor, así como todos os actos de xestión e administrativos necesarios para levalos a efecto.

O/A SOLICITANTE DECLARA QUE COÑECE E ENTENDE que, ao asinar este documento, **AUTORIZA** a que os datos facilitados nel se incorporen a un ficheiro da **Fundación SGAE** que se empregará única e exclusivamente para a xestión da súa participación neste proxecto e para remitirle información periódica sobre a actividade da **Fundación SGAE** e da **SGAE**. Igualmente, consente en que a **Fundación SGAE** poida comunicarlle os seus datos de carácter persoal á **SGAE** para a prestación de servizos de xestión colectiva de dereitos de autor.

Con este formulario, **CONSINTO EXPRESAMENTE** en que os meus datos se empreguen para estes fins. Así mesmo, conforme o Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, **SEI** que pode facer uso dos meus dereitos de oposición, acceso, limitación, supresión, rectificación, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas enviando unha comunicación por escrito xunto co meu nome, apelidos, enderezo, fotocopia do DNI, indicación do dereito exercido e motivo ao seguinte enderezo de correo electrónico: informacion@fundacionsgae.org. Así mesmo, **ESTOU INFORMADO/A** de que podo presentar as miñas reclamacións perante a Axencia Española de Protección de Datos.

A **Fundación SGAE** conservará os datos que facilite o/a director(a) mentres este/a desexe recibir a información das actividades da **Fundación SGAE** e non revogue a mencionada autorización notificándollo na debida forma á **Fundación SGAE**.



FICHA DE INSCRICIÓN

DATOS DO SOLICITANTE (DIRECTOR DO DOCUMENTAL)

Nomes e apelidos _____

Enderezo _____

CP _____ Poboación _____

DNI _____

Teléfono fixo _____ Teléfono móbil _____

correo electrónico _____

DATOS DO DOCUMENTAL

Título _____

Duración _____ Ano de produción _____

Se é obra xa estreada, detallar a data e o lugar da estrea _____

Formato de filmación _____

Formato dispoñible de proxección _____

En _____ a _____ de _____ de 2020

Ado. D/Dª _____



Coa colaboración de  **sgae**

fundación  **sgae**

ENVÍO DE MATERIAIS

A Fundación SGAE, no correo electrónico:
audiovisuales@fundacionsgae.org
co asunto "SGAE Documental 2020"

INFORMACIÓN

Os interesados podrán efectuar consultas ou ampliar a súa información sobre estas bases en:
audiovisuales@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es
Tel. 91 503 68 00 / 18

